

Impulso

E marchei de alí, sentindo unha profunda pero efémera pena. Algo dentro de min me dicía que tiña que facelo, que iso ía cambiar a miña vida. Unha morea de preguntas sen resposta ateigaban a miña cabeza. Estaba nerviosa, era a primeira vez, pero xa era tarde, a decisión estaba tomada. Foi un deses impulsos que tanto me caracterizan. Eu sentía que a medida que se ían aproximando eses temibles anos, a miña vida necesitaba algo novo, quizais algunha responsabilidade. Pero agora, que xa estaba todo decidido, non podía sentirme máis que orgullosa de salvar aquel can. Quen me diría, que sería un animal o que lle daría sentido a miña vida. Ás veces, a felicidade atópase onde menos o esperas.

Lucía Fernández Gándara 3ºC